

TEMPUS DAS LETRAS



GRUPO DE MÚSICA E DANZA



Nestas imaxes aparecen todos os músicos e bailaríns, xunto con Silvia Alonso, Condelleira de Muller e Igualdade: María (gaiteira), María (ballarina), Cristina, Alejo, Dani, Marco e Duarte son os nenos e nenas do grupo Xosé, Martina, Miguel, Bea, Sandra, María (alemán), María (orientadora), María José, Patricia e Granadina son os profesores e profesoras. Moitas grazas a Silvia Alonso por participar tocando co noso alumnado.

SECCIÓNS

ACTIVIDADES DIVERSAS

AFORRANDO AUGA GAÑAREMOS A BATALLA.....	1
XOGANDO EN TECNOLOXIA.....	2
PARTITURAS GRÁFICAS.....	4
O FUTURO ANIMAL.....	5
PROXECTOS STEM.....	7
OUTRAS ACTIVIDADES.....	11

CREACIÓN LITERARIA

CORVOS.....	12
PRÓXIMO DESTINO: LIBERDADE.....	13
O PESADELO.....	14
PRESENTE, PASADO, FUTURO.....	15
A MEDIANOITE.....	16
A PEOR NOITEBOA DA MIÑA VIDA.....	16
GRAVE FALTA DE RESPECTO EN MASTERCHEF.....	18
O BORRADOR.....	19
PINGAS DE POESÍA.....	19

PROXECTOS INTERNACIONAIS

VISITA DE ESTUDANTES LITUANOS.....	33
ERASMUS+ DE LONGA DURACIÓN.....	35
ERASMUS+ DE CURTA DURACIÓN.....	36
INTERCAMBIO DE ALEMÁN.....	38
NICO, MARLO, ERJA.....	40
ROUPA SOSTIBLE.....	43
TEATRO EN ALEMÁN.....	45

BIBLIOTECA

ALGUNHAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA.....	46
---	----

HISTORIAS DO INSTITUTO

TODA UNHA VIDA.....	49
---------------------	----

AFORRANDO AUGA GAÑAREMOS A BATALLA!!

1ºA DE ESO

Profesora: Aida Fraíz

Departamento de Dinamización Lingüística

Traballo presentado ao certame universitario de vídeos sobre ciencia en galego "Petiscos de ciencia", convocado pola Comisión de Normalización Lingüística da USC.



O alumnado de 1º A de ESO realizou un pequeno mural. O contido do traballo deu pé á letra dunha canción con ritmo de RAP que cantaron en grupo para crear o vídeo que presentaron ao certame.

O reclamo é claro: consumo responsable da auga e xestión axeitada dos residuos.

Non foi posible gañar un dos premios do certame, pero gravar a canción foi divertido!



XOGANDO EN TECNOLOXÍA

Alumnado de 2º ESO Tecnoloxía Bilingüe
 Club de Ciencias
 Profesora: Covadonga Yugueros

Este ano apuntámonos no club de ciencias con dous dos proxectos que fixemos cos computadores na materia de Tecnoloxía Bilingüe



O primeiro foi un xogo sobre os materiais de uso técnico: madeira, metais, plásticos, etc. Repartímonos o traballo de xeito que algúns de nós fixemos as tarxetas, outros o taboleiro de xogo e outros as normas para xogar.

Nas tarxetas en grande escribimos o nome do material en inglés, dúas ou tres imaxes de obxectos que se poidan facer con ese material e as principais propiedades.



Deseñamos tres taboleiros, todo eles ben distintos: un con bandeiras, outro taboleiro de cadradiños e o terceiro con nenúfares.

Estivemos a xogar un día con eles. Logo, na tarde adicada á ciencia, estivemos ensinando a xogar a outros alumnos.



O segundo xogo, o "comecocos". Fixémolo sobre mecanismos e máquinas que estudaramos en clase. Neste xogo tes que dicir un número e moves o comecocos tantas

vezes como di o número; e cando paras de mover, elixes unha imaxe do mecanismo das catro que se ven e tes que dicir o seu nome en inglés e en castelán.



Para estes xogos deseñamos pósters explicando os mecanismos que máis

aparecen cos nomes en inglés e algunhas das imaxes coas que deseñamos o comecocos.

TECHNOLOGY

Cootie catcher

- Move your fingers X numbers
- Choose a picture
- Saying the name in English gives you 2 points, and in Spanish 1 point.
- Saying if it converts or transmits motion gives you 1 point, saying the type of motion gives you 2 points,

Transmit motion

Linear motion

Rotary motion

Convert motion

Rotary-Linear

Reciprocating rotary-Linear

Mechanisms

By Alicia and Eduardo - 2º ESO

MECHANISMS COOTIECATCHER

Devices that transmit and convert motion and forces

EXAMPLES

- Pulleys (poleas)**
- Gears (engranajes)**
- Lever (palanca)**
- Wheel (rueda)**
- Cam (leva)**
- Crank (manivela)**
- Belt drive (rueda con correa)**
- Crankshaft (cigüeñal)**
- Nut & Bolt (tuerca y tornillo)**

Cootiecatcher instrucciones

1. You have to play with a classmate.
2. One of you will take the cootiecatcher.
3. Place your fingers inside the holes at the bottom.
4. Your friend has to say a number between 1-15.
5. When they say the number, imagine it's the number four, you'll have to move your fingers vertically and horizontally four times.
6. Where it lands on the last number, you have to stop.
7. Your classmate has to pick one of the pictures that appear, and you have to unfold that one.
8. You'll find the mechanism and the translation.
9. Switch places and have fun with your cootiecatcher!

Andrés Freire Vázquez & Sabela Prado Pita

TECHNOLOGY 2 ESO

POSTER OF MECHANISMS COOTIE CATCHER

RULES

This is a game for two people. One against the other. You have to give a number from 1 to 15 and choose a mechanism. You must say the name in English and Spanish. You win a point if you know both names

MECHANISMS

- Pulley - Polea
- Crank - Manivela
- Lever - Palanca
- Wheel - Rueda
- Gears - Engranajes
- Crankshaft - Cigüeñal
- Screw - Tornillo
- Nut and bolt - tornillo y tuerca

THE WINNER IS...

The one who wins more points (You win a point if you now the both names)

PARTITURAS GRÁFICAS

Alumnado de 2º de ESO
 Profesor: Miguel Díaz

Puidemos gozar dunha marabillosa exposición de partituras gráficas no taboleiro da biblioteca. Partituras escritas sen empregar os elementos convencionais da linguaxe musical.



O FUTURO ANIMAL

Exposición de animais coa súa ficha técnica, pero non é o que parece, os animais son "imaxinarios". Estarán adiviñando o futuro?

1ºA e 1ºB de ESO
Profesora: Aida Fráiz Gómez

Furro

BIRDIE LEAH

Nome común: Ross

Inglés: Sour

Francés: Flamard

Gallego: Furro

Descrición

Corpo recuberto de plumas rosas, excepto no pescozo que é amarelo.

Ten 2 aís e 2 grandes patas.


Viven en sitios húmedos.

Pico agiado e branco.

Respicación por pulmóns.

Hervívoro e soe comer herba.

Mezcla de parrulo e glamengo.



Non temos espazo na revista para todas as fichas técnicas, pero si para moitos dos animais, feitos con arte. Todos eles teñen nome.

Vagonte



Garra



Conchodrilope



Pintadrilo



Ouripeixe



Leochola




Quenllaiguana



Inhaerens pericolosum



Golfi3n



PROXECTOS STEM

Este ano seis alumnos e alumnas de 2º de BAC presentaron os seus proxectos STEM: Marina Salgado Testa, Helena Burón Espiñeira, Marta López Rodríguez, Julio Camilo Quiroga Teijeiro, Mario Rodríguez Rellán e Aldara García Gómez.

O procedemento da PCR en salmónidos

*Marina Salgado Testa
Helena Burón Espiñeira*

Nosoutras eliximos este proxecto en concreto porque nos chamaba a atención a área de xenética e coincide cos nosos plans de futuro como estudantes e como profesionais.

*No noso proxecto tratamos de comprobar se o salmón e a troita de dúas cadeas de supermercados son realmente *Salmo salar* e *Oncorhynchus mykiss*, mediante o uso da PCR.*

O proceso de PCR é unha técnica moi coñecida estes días, debido ao seu uso no campo da investigación bioquímica e médica, onde se emprega para o desenvolvemento de terapias xenéticas, directamente en medicina, nas probas de paternidade, para a detección de SARS-Cov-2 ou na industria alimentaria, para detectar fraudes.

O proceso de PCR (Reacción en Cadea da Polimerasa", ou Polymerase Chain Reaction"), como indica o seu nome, é unha reacción enzimática in vitro que nos permite amplificar unha zoa desexada (marcadores) do ADN, Ácido Desoxirribonucleico, e crear millóns de copias grazas á enzima ADN Polimerasa.

O Instituto Nacional de Investigacións do Xenoma Humano define o marcador xenético coma "un segmento de ADN con ubicación física coñecida nun

cromosoma". Os marcadores xenéticos empréganse para rastrexar a herdanza dun xene cercano que aínda non teña sido identificado, pero cuxa localización aproximada é coñecida.

O marcador xenético pode ser parte dun xene ou pode darse o caso de que non teña ningunha función coñecida. Estes marcadores xenéticos poden diferenciarse uns doutros segundo o número de copias da secuencia repetitiva contida dentro da rexión previamente amplificada mediante a técnica de PCR. Esta capacidade de diferenciación permite distinguir entre individuos de diferentes especies, como neste proxecto, ou individuos da mesma especie, como nas probas de paternidade.

Mérieux Nutrisciencias España define o fraude alimentario coma o feito de "producir e comercializar produtos non acordes ás lexislacións cun obxectivo económico", e que podería causar danos ao consumidor ou ao medio ambiente, polo que se considera fraude alimentario a venda ilegal de especies protexidas, a caza furtiva ou a substitución de produtos.

A intervención da PCR na alimentación abrangue todo o proceso desde a fecundación asistida ata a venda de produtos, dado que nos permite controlar

a variedade xenética dunha especie, e así sermos quen de atopar mellores exemplares para a cría e a venta.

Ademáis permítenos rexistrar o estado das especies mariñas e fluviais no seu medio natural, e poder desenvolver políticas acordadas ó seu estado e necesidade de protección.

Variables de Sars-COV2

Este proxecto xorde da necesidade de entender e coñecer o virus causante da pandemia COVID- 19, o SARS COV 2 e as variantes que se localizaron na cidade de Lugo no inverno de 2019 – 2020. A variable dominante nese momento era a aparecida en Wuhan pero xa entraba con forza a variante delta (δ) procedente de Londres. Durante tres días analizamos os datos recollidos dos tests de PCR que o laboratorio "Instituto de Estudios Celulares y Moleculares – ICM", realizou para a sanidade local. Durante este estudo coñecemos os protocolos e procedementos de laboratorio básicos dunha empresa biotecnolóxica punteira na cidade de Lugo.

Así mesmo, o Profesor da USC Jaime Castro Alberto acreditou este documento para a súa vinculación á USC.

Una nova doenza xorde en decembro de 2019. Bautizada como SARS-COVID-19 que provén das siglas: Severe Acute Respiratory Syndrome COronavirus Disease 2019, pódese chamar tamén COVID-19.

O causante desta doenza era o virus SARS- Cov-2 e estaba relacionado con virus responsables de outras doenzas respiratorias agudas e graves como foron SARS Cov-1 (2003, sueste asiático) e o

Marta López Rodríguez

MERS-Cov (2012, síndrome respiratorio de Medio Oriente). Aínda que moi graves e mortais, ambos causaron epidemias localizadas pero non se converteron en pandemia.

Remontámonos ó 31 de decembro de 2019. Infórmase á OMS de casos de pneumonía de causa descoñecida na cidade de Wuhan, China. As autoridades chinesas identifican un novo coronavirus como a causa da doenza. É o 7 de xaneiro de 2020 e, temporalmente, déronlle o nome de "2019-nCoV".

O novo virus atopado nos pacientes de Wuhan respondía ás características da familia dos Coronavirus que podemos atopar nas mostras do arrefriado común ademais de doenzas graves como as citadas Síndrome respiratorio severo agudo do Sueste asiático e o MERS, Síndrome respiratorio do medio Este. O nome da familia de virus provén da "coroa" de espiñas (proteínas) que rodean á membrana do virus. No estudo que realizamos quixemos saber que cepas se atopaban na cidade de Lugo no inverno a principios de 2020. As cepas implicadas na investigación foron a primeira cepa a de Wuhan e a segunda cepa que se presentaron a España a principios do 2020, é dicir a china e a británica.




FIGURA 2: Representación na que se amosan as cinco proteínas da superficie da membrana do virus: E, S, M, HE (non presente en todos os coronavirus) e N; e o ARN viral

AUTOR: Marta López Rodríguez

Xogando a quen é quen: recoñecemento facial

Julio Camilo Quiroga Teijeiro
Mario Rodríguez Rellán
Aldara García Gómez

O obxectivo ao realizar este proxecto foi coñecer o funcionamento dos detectores faciais. Aínda que os seus usos e aplicacións son múltiples, trátase dunha ferramenta que cada día está máis presente na nosa vida. O caso máis habitual é no desbloqueo do noso teléfono móbil mediante a identificación do noso rostro. Tamén se emprega en numerosos centros de traballo para controlar a entrada e a saída de persoas. Ademais, a galería de fotos de moitos dispositivos electrónicos recoñece e clasifica automaticamente as facianas das persoas que aparecen nesas imaxes. Pero as súas funcións poden ser útiles en case calquera ámbito.

O recoñecemento facial é unha técnica de visión artificial que permite a un ordenador predicir a identidade dunha

persoa a partir dunha imaxe. É un método de identificación biométrica, é dicir, emprega medidas corporais para recoñecer caras. Este concepto está intimamente relacionado coa verificación de caras, pero as súas áreas de aplicación son distintas.

A verificación facial tenta autenticar unha persoa mediante unha comparación un a un. É o método que empregan os móbiles para recoñecer a cara dunha persoa.

Pola contra, un sistema de recoñecemento facial busca unha cara nunha base de datos de rostros. É unha comparación de un entre moitos. Ademais, a persoa pódese atopar ou non na base de datos, polo que poderemos engadila ou dicir que é un descoñecido.

Este é sistema o usado por cámaras de vídeo-vixilancia.

O sistema visual humano recoñece as caras doutras persoas identificando as súas características únicas e comparándoas coas de alguén xa coñecido. Se se trata dunha persoa que é descoñecida, tentamos lembrar os seus trazos característicos para ser quen de recoñecela a próxima vez.

Os ordenadores funcionan de forma semellante ao noso sistema visual, xa que se compararan os píxeles de dúas rexións dunha fotografía, un simple cambio na iluminación ou na expresión facial abondaría para que os resultados non fosen os esperados. É por isto que os investigadores do campo da visión artificial trataron de determinar distintas características para describir de forma eficiente as singularidades de cada persoa. Un trazo destacado é a relación

entre a longura e a anchura da cara, aínda que hai moitos máis.

O recoñecemento facial consta de dúas fases principais ben diferenciadas: a fase de adestramento e a fase de recoñecemento.

Na primeira delas, prepárase a base de datos que será empregada no recoñecemento. Para iso, introdúcense imaxes de cada rostro no algoritmo, que se encarga de extraer os trazos de cada persoa e almacenalos para a súa posterior comparación. É unha paso moi importante, xa que estamos xerando un modelo adestrado capaz de distinguir rostros de diferentes persoas.

A segunda fase do recoñecemento facial é a de test. Nela extráense os trazos das caras que hai nas fotos polo mesmo proceso que na fase de adestramento e compáranse coas características de cada rostro da base de datos.

Instantáneas da lectura dos proxectos no salón de actos do instituto:



OUTRAS ACTIVIDADES

Son moitísimas as actividades desenvolvidas durante o ano. Non podemos falar de todas.

ELAS TAMÉN EMPRENDEN:



Traballo do alumnado de Economía de 2º de BAC, presentado no salón de actos do instituto, co gallo do día da muller emprendedora (19 de novembro). Presentaron a traxectoria de coñecidas mulleres emprendedoras.

FÁLAME DA EMIGRACIÓN



Alumnado de 2º A de ESO, da man da súa profesora de Lingua Galega e en colaboración con AFUNDACIÓN de ABANCA desenvolveron esta actividade en dúas fases.

Na primeira sesión recibiron varias persoas maiores que relataron as súas experiencias como emigrantes en diferentes países de Europa e América. Fomos partícipes de vivencias

moi duras.

ESCOLA VERDE

Temos unha horta e formamos parte do proxecto Escolas Verdes.

Na fotografía poden verse labores iniciais. Hoxe podemos ver plantas de patacas, tomates, pementos...

Participan moito profesorado e alumnado.



CORVOS

Espertei de súpeto, por culpa do espertador dos veciños. Estaba tan cansa que me quedei tirada na cama, coma uns vinte minutos, pensando un pouco en todo, nos exames, no que fixen durante a semana, en Iago, un mozo moi guapo, en que o sábado seguinte tiña un partido moi importante de voleibol, ata que me decatei do día que era, 23 de novembro, o aniversario de Noa, a miña mellor amiga. Ao fin fixen o esforzo de levantarme para chamala e felicitala. Somos amigas dende que tiñamos 6 anos. Noa díxome que a súa festa comezaba ás 7 da tarde.

Pasei o resto da mañá estudando para un exame de formulación orgánica e inorgánica. Aínda tiña o exame dentro de unha semana, pasei a mañá estudando, porque me custa moito concentrarme, distráime mirando pola xanela. Cando estaba estudando os alcanos, empecei a mirar pola xanela e vin varios corvos voando cara ó Norte. O meu avó, antes de morrer dicía que cando isto pasaba, algo malo ía suceder. Despois xuntámonos toda a familia para comer. E mentres meu pai discutía co meu irmán Alejandro, porque lle puxeron dous partes por mal comportamento no colexio en catro días, meu irmán pequeno, Tomás, non deixaba de molestarme.

Eran as sete menos cuarto, cando cheguei a casa de Noa. Mentres non chegaban os convidados, axudei a Noa a montar todos os preparativos da festa. A medida que pasaba o tempo, ían chegando os convidados, eran cada vez máis e máis, había coñecidos, amigos e

xente que nunca antes vira. Despois dun momento encontreime con Iago, púxenme tan nerviosa que a miña cara semellaba un tomate do vermella que estaba. Falamos un anaco e despois el marchou para falar cun amigo que non vira había moito tempo e eu fun falar con Noa. Ela estaba falando nese momento cuns amigos de Iago os cales non paraban de rir.

Despois Noa díxome que quería falar comigo en privado e levoume ata un cuarto que tiña unhas vistas preciosas ao patio, por desgraza xa era noite. Todo foi moi rápido e cando me decatei estaba pechada con Iago nese mesmo cuarto. Por moito que intentara abrir a porta, esta non abría, mentres a xente se agrupaba na fiestra que daba ao patio. Noa, rindo, díxome a través da fiestra que non ía abrir ata que nos désemos un bico Iago e mais eu. Estaba nerviosa, confusa, enfadada. Non podía crer que a miña mellor amiga me fixese pasar tanta vergoña. As persoas que estaban detrás da ventá, estaba gravando o momento, para eles era coma unha especie de espectáculo. Pensei que Iago ía comprender que estaba sendo obrigada e ía axudarme, pero non, tamén formaba parte daquela tortura. Decidín rematar con isto, sentíame traizoada humillada e utilizada por Noa, unha dor que non desaparece.

Despois disto deixei de falar con Noa, e esta fixo todo o posible para facerme a vida imposible, e conseguíuno, quedei soa, unha soidade que deixa marca.

PRÓXIMO DESTINO: LIBERDADE

Os días do frío e escuro inverno transcorrían con normalidade para moitos, pero eu seguía alí, atada de mans e pernas. Tentara escapar, rozar coa punta dos dedos a liberdade. Mais realmente só conseguía que as cordas apertaran con máis forza. Recordo á perfección o ocorrido ese quince de novembro. Dirixíame a dimitir. Despois de cinco anos de carreira e un para aprobar a oposición, debía deixalo todo atrás. No entanto, resultoume imposible. Sentada nos bancos do corredor do instituto, unha lágrima deslizábase lentamente polo meu rostro. Sequeina axiña; ninguén debía vela. Semellaba que o meu corazón borrara as palabras que debía dicir para non partirse máis do que xa estaba. Volvín mollándome baixo a chuvia, pensando no que lle diría a El cando chegase a casa.

...

- Está segura de que se atopa ben? (Xa me preguntara o mesmo moitas veces). Díxenlle por activa e por pasiva que se trataba dunha simple caída polas escaleiras, pero ela semellaba decatarse de que algo peor había na contusión que rodeaba o meu ollo. Aínda así, finalmente deixoume marchar. A seguinte parada despois do médico era o instituto. Era a miña última oportunidade para despedirme daquel lugar, e así o fixen. Volvín a casa no autobús que adoitaba coller a diario, tratando de ocultar a miña cara como podía. Non quería que a miña tristeza pasase desapercibida por ninguén. Era luns, o que significaba que aínda quedaba unha hora para a súa chegada. Despois de facer a cea pareime a pensar e así xurdiron os primeiros pasos do meu plan.

...

Cada vez El traballaba máis tempo, polo que eu pasaba a maioría do día soa na casa. A pesar do feito de que o medo me tiña

presa, o meu plan, de non só rozar, senón de agarrar e abrazar a liberdade, progresaba.

...

Amenceu como un día normal. Erguinme un pouco máis cedo do habitual. Preparei o almorzo e esperteino. Din de comer ao can e esperei con impaciencia a súa partida. Bicoume e, como de costume, ameazoume. Soaron as campás que indicaban que xa eran as oito, e con elas o cerrar da porta. Armeime de valor, deixei o móbil e saín a rúa. Corrí ata chegar á policía. Cando me detiven, as miñas pernas tremían. Penso que xamais na miña vida pasara tanto medo. Un home moi amábel dirixiuse cara min. A súa mirada albergaba compaixón. Ofreceume a súa axuda e eu conteille o que me estaba a acontecer. Quizais non era a persoa adecuada, mais xa non aguantaba máis. Boteime a chorar e o home acolleume entre os seus brazos. Prometeume que me sacaría daquel inferno no que vivía.

...

Esperei durante unhas horas nunha salina. Para min semellaron séculos. E por fin entrou alguén. Porén, xa non era aquel home tan agradable. Recordo o que dixo porque para min, as súas palabras foron como puñaladas: "Debes volver a casa, aquí non podemos facer nada por ti". Seguiu falando, pero eu xa non estaba a escoitar. Aquilo era como a miña sentenza de morte e ninguén o sabía. Ninguén podía cortar as cordas que me tiñan presa dende había moito tempo. Estaba destinada a morrer e ninguén creu a miña historia a tempo.

O PESADELO

Ía unha rapaza andando pola rúa pensando nas súas cousas, repasando as súas preocupacións, mirando as cores das follas caídas na rúa. Comezaba o outono, a súa época do ano favorita. De súpeto, berráronlle. Achegóuselle un rapaz e entregoulle a gorra que lle caera ao chan sen ela decatase. Mirouna á cara e invitouna a tomar un café.

Maldito o momento no que dixó que si.

Estiveron unhas horas mantendo unha conversación agradábel. A ela, el gustoulle, mais tiña un brillo estraño na mirada que achacou ás luces da cafetería.

No fondo, ela sabía que algo del non a convencía, mais cegárona os seus cumpridos e a súa amabilidade.

Despediuse del cun curto bico nos beizos e co seu número de teléfono agregado na súa axenda.

Agregouno como Mario sen saber que acabaría sendo o seu maior temor.

Comezaron a quedar todas as semanas. As cousas ían ben, ambos empezaban a coñecerse e a sentir como a súa relación collía forza. Pasados uns meses, mantiñan xa unha relación na que ela se sentía querida e respectada. Totalmente namorada.

Cega cos ollos abertos. Allea á realidade que lle esperaba.

Un ano máis tarde vivían xuntos, mais todo se torceu. Comezou un día cando ela áa saír a celebrar o aniversario dunha amiga e el impediulle (prohibiulle) saír. Ela asociouno a un mal día e avisou ás compañeirás que non ía, que estaba "cansa".

Ninguén se decatou nin afondou no tema.

Poucos días despois, pillouno mirando o seu móbil, mais este escusouse dicindo que se eran parella el tiña dereito a facelo. Que era "unha cuestión de confianza". Ela medorenta a un enfado, asentiu e deulle o contrasinal das súas redes.

Non foi consciente da total renuncia da privacidade que estaba a facer.

Un tempo máis tarde el chegou ás tantas da madrugada, bébedo. Ela, preocupada e un tanto molesta, preguntoulle por qué abusara desa maneira da bebida. Este aínda máis molesto coa intromisión da rapaza, berroulle e empurrouna contra a mesa. Provocoulle un pequeno corte na cella, que el mesmo se ocupou de sandar, desfacéndose en desculpas.

Ela decatouse de que el non era como ela cría. Non quixo creerse, tivo medo a afrontar a realidade.

As cousas foron empeorando pouco a pouco. A situación repetíase, os golpes facía tempo que deixaran de doer, doía o corazón. Da decepción, do amor idealizado convertido no monstro que amolaba os seus días.

Era sabedora da realidade, mais incapaz de reaccionar co temor da perda, sempre presente.

Volvera o outono e con el, as cores. Ela xa non as atopaba belas, senón que se asemellaban ás que tiñan os seus negróns. Na zona das costelas, no lombo ou na cadeira, mais nunca en lugares visibles cara ao exterior, ocultándose da

ollada do resto do mundo, pero visible para ela. Era un recordatorio do que lle agardaba ao chegar a casa que compartían. Como a súa estación favorita se convertera no recordo do seu pesadelo.

Doía, doía moito.

As cousas seguían sen mellorar e ela estaba consumida como unha vela. Un día coma outro, el entrou na casa, viuna durmida e tratou de espertala. Esta, asustada, botouse cara atrás, tirando consigo un floreiro que mercara nun rastro. El, preso da ira que o cegaba, agarrouna do brazo de malas maneiras e empurrouna contra a parede. Mais non era unha parede, era unha ventá de cristal que cedeu baixo o seu peso

facendo que ela se precipitara ao vacío no que xa estaba.

—UXÍIAAAAA, tiñas un pesadelo? Andabas berrando coma unha tola. Axiña, érguete! Vas chegar tarde á universidade — Escoitei como me dicía miña nai.

Abrín os ollos asustada e respondín — Siii, síntoo, non me lembro de como era, mais semellaba ser horrible— Conteille rapidamente.

Ela non insistiu e eu almorcei rapidamente. Marchei axiña e collín o metro. Baixei na 6ª parada e camiñei polo parque, admirando o recién chegado outono, cando de súpeto alguén me berrou. Vireime e descubrín un rapaz coa miña gorra.

Paula Álvarez (4º de ESO)
Profesora: Luana Ferreira Pires

PRESENTE, PASADO, FUTURO

Presente, Pasado, Futuro foi merecedor dun premio no concurso “Relatos Curtos de Outono, organizado pola Biblioteca

Estrela, unha nena de once anos, moi tímida, comezaba no instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes.

Un día de néboa, espertou e viu un obxecto triangular na mesiña de noite; en cada punta tiña un botón con forma de ourizo e unha palabra: presente, pasado, futuro.

Premeu no pasado e apareceu a carón da nena un oso de trapo ó que abrazaba. Era ela no seu primeiro día de escola. Tiña aprendido o significado da palabra

ironía, estaba tan ilusionada!. Pestanexou e apareceu na súa habitación.

Outro botón, o presente. Viuse coma se tivera un espello diante: a súa faciana cambiando da alegría ao medo.

Volveu pestanexar e regresou á súa habitación. Quedáballe o futuro, que raro!, non tiña cambiado nada. Pensou que estaba roto, pero axiña se decatou de algo moi importante: o futuro non estaba escrito, estaba aínda nas súas mans.

Rosalía Souto Carpena (1º ESO)
Biblioteca

A MEDIANOITE

A Medianoite foi merecedor dun premio no concurso “Relatos Curtos de Outono, organizado pola Biblioteca



Rosalía e Carmen, autoras dos microrrelatos premiados

Era noite, había moita néboa e chovía, polo tanto non se vía nada.

Notaba a súa presenza, a súa respiración, corría o máis rápido que podía. Montei no coche, metín as chaves e premín o acelerador. Conducín ata a miña casa, aparquei e fun correndo ata a porta. Pareceume ver uns ollos grandes vixiándome, pero estaba tan asustada que nin lle dei importancia.

Cando quixen abrir a porta decateime de que esquecera as chaves no coche e fun coller as de reposto baixo do ourizo de porcelana, pero non estaban; tiven que forzar a porta e entrar.

Ao cabo dun anaco relaxeime pensando que estaba a salvo e metínme na cama.

A medianoite vireime, non podía ser!, era el!, estábame dando unha aperta, que ironía!, atravesoume cun puñal, pechei os ollos e non os volvíñ abrir.

*Carmen Martínez Domínguez (1º de ESO)
Biblioteca*

A PEOR NOITEBOA DA MIÑA VIDA

24 de decembro de 2019, día de Noiteboa.

Ese día comezou a miña cadea perpetua, pero fóra do cárcere.

Eran as 23.00 h. Toda a familia celebrabamos a Noiteboa xuntos, ceando e conversando, e sobre todo, desfrutando uns dos outros. Ao acabar a cea, decidimos ir de copas pola zona vella de

Santiago. Dispersámonos por grupos de idade: os meus pais e os meus tíos, o meu irmán Lucas e a miña curmá Clara e, por último, eu e mais o meu curmán Sergio. El e mais eu entramos nun local, ateigado de xente. Nada máis entrar, fixeime nun rapaz, moreno, alto e duns vinte anos de idade; era aparentemente perfecto, o que eu estaba a buscar. Deixei a Sergio de lado e fun falar con el.

Invitoume a unha copa e convidoume a que deramos un paseo pola rúa. Non dubidei en aceptar.

O paseo estaba a ser agradábel e a min parecíame un rapaz estupendo. Tanto o foi, que, despois de varias citas, que decidimos ser noivos e ir vivir xuntos. Facundo estaba obsesionado polo sexo, pero eu pensaba que iso era unha mostra do seu amor. Sempre lle dicía que non podía facer o amor, que era virxe e que non me atrevía a dar o paso; aceptouno. Pero esta aceptación durou pouco: o primeiro mes, non mostraba demasiado interese por facer o dito anteriormente, pero despois, en cada sitio que iamos, facíame xestos de que quería sexo. Isto a min incomodábame, pero non lle daba a suficiente importancia.

O 18 de febreiro de 2020, todo mudou. Comezoume a insultar, a chamarme covarde e a ameazarme se non me deitaba con el. Por medo, fíxeno. E cometín o maior erro da miña vida. Comecei a sangrar sen parar, e Facu, o meu noivo por aquel entón, levoume ao hospital, asustado polo que acababa de suceder. Illáronme nunha sala, despois de ser intervida e cosida: sufrira unha hemorraxia interna. Eu sabía que non podía facer o amor, que non estaba lista, non mentalmente, senón fisicamente: a cicatriz da vaxinoplastia aínda non estaba curada. Non lle dixera a Facu que era transexual; non me atrevera. Rogueille aos médicos que non lle contaran aquilo, que lle dixeran simplemente que en un mes xa podería manter relacións sexuais, e que todo estaba ben. E así o fixeron.

O seguinte mes foi máis ou menos normal. Pero chegou o día; o día en que eu tiña que aparentar que estaba contenta por que chegase. Á hora da verdade, Facu non se deu conta. Sentínme aliviada, pero fíxeno por obriga, por medo a que me increpase, ou incluso a que me fixese algo máis.

A partires dese día, decateime de que realmente algo non ía ben na nosa relación e no meu corpo. Por iso, decidín ir ao médico e dicirlle que as hormonas non me estaban a sentar ben, que sufría perdas de coñecemento e que me espertaba mareada. O médico examinoume, e fíxome todo tipo de probas. Pero non fora culpa das hormonas, senón de Facu: estábame a envelenar en pequenas doses, para que o meu organismo "petase" e acabase por morrer. Eu comecei a chorar e os médicos chamaron á policía para poñer o caso en mans da xustiza.

As semanas seguintes, quedei ingresada para desintoxicarme e para ser atendida por psiquiatras. Facundo fíxome unha "visita", escoltado e coas mans atadas. Nada máis entrar gritoume: estiveches a piques de morrer e asegúroche que te hei matar, transexual de merda! Inmediatamente, levárono. Eu sentínme ben, sabendo que el pagaría a súa condena e eu recuperaríame daquel "pesadelo".

Eu hoxe pódoo contar, pero só vos podo dicir unha cousa, mulleres, quérovos libres e vivas! Denunciade calquera situación de maltrato e seguides loitando!

GRAVE FALTA DE RESPECTO EN MASTERCHEF

No programa de cociña "Masterchef" do catro de outubro, celebrado na Coruña, sucedeu algo, na miña opinión, vergonzoso. Trátase da "simpática" parodia do acento galego que fixeron os xuíces do programa Samantha Vallejo-Nágera, Pepe Rodríguez e Jordi Cruz tratando de emular aos percebeiros galegos.

Para empezar, todas as variacións e acentos que pode ter unha lingua non deberían ser obxecto de sátira nin burla. Deberían ser precisamente o contrario, unha fonte de riqueza lingüística que fose valorada como tal e tratada co correspondente respecto, pero desgraciadamente o xurado estaba máis pendente de falar con seseo e rematar as palabras en "-iño", cunha entoación despectiva e de superioridade.

Lamentablemente, parece que estes cociñeiros carecen da educación, cultura e respecto suficientes. Hai un dito que di "non lle fagas aos demais o que non queiras que che fagan a ti" que se usa moito á hora de educar os nenos, pero creo que non estaría mal recordarllelo a estes tres "graciosos", que parecen telo esquecido. Iso por non falar do mal exemplo que dan. "Masterchef" é un programa de TVE cunha audiencia considerable e apto para toda a familia. Entón todo ese esforzo que se fai ao educar a xuventude non serve para nada se persoas con certa fama, como son os

tres, empezan a baduar e transmitir unha mensaxe oposta ao que se lles transmite aos máis pequenos.

Ademais os percebeiros aparecen como dano colateral, xa que realmente os están "imitando", repito que é unha grave falta de empatía (termo no que agora se fai moito fincapé pero que ao parecer non deben coñecer). Pepe Rodríguez e compañía trataron de asemellarse aos percebeiros como se estes fosen parvos. Realmente esa profesión é arriscada e difícil, pero claro, chega o Nadal (por pór un exemplo) e aos tres señoriños gústalles ver os percebes sobre a mesa e resulta que os "percebiños" non chegan por arte de maxia...

Finalmente gustaríame dicir que creo que polo menos deberían pedir desculpas á toda a comunidade galega e en concreto aos percebeiros, xa que "rectificar é de sabios". Veremos ao final que pasa, aínda que non creo que suceda nada. De todas formas, admito que eu teño acento galego, e non me avergoño del. É unha particularidade nosa que non deberíamos ver como algo negativo. Ademais, gustaríame engadir que cando o programa se celebrou noutras comunidades non se parodiou ningún acento. Entón os galegos somos parvos ou "peores"? Pois resulta que non, que somos iguais que os demais a pesar desta actitude tan reprobable.

O BORRADOR

Quizás queremos que os erros do día a día se eliminen cunha goma de borrar, coma unha liña que che sae nun debuxo. Por exemplo, unha das moitas pelexas que tiveches cos teus pais cando eras adolescente. Imaxíno, coller unha goma de borrar, seleccionar unha parte da túa vida e borrarla, así, sen máis, estaría ben, verdade?

Pero hai algunhas persoas que se refuxian na súa memoria para mentir, empeorando e perdendo no camiño as persoas que queren. Pero por outra

banda, as situacións que viviches reconstrúente como persoa, fan que reflexiones para que a próxima vez saibas como actuar.

Iso é o que habería que facer, reflexionar, para non volver cometer o mesmo erro. Pero, que pasa con esas persoas que non o fan, habería que obrigalas, ou non?

Serán conscientes do que están a facer? Eu creo que si, seguramente si. Pero a pregunta importante é:

Por que o fan?

Abril Nogueira Fernández (4º de ESO)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego

PINGAS DE POESÍA

Estas poesías saíron do lapis de varios alumnos e alumnas do centro, en clases de Lingua Galega e Literatura de 3º e de 4º de ESO e tamén da actividade "Enredando co galego", organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Almas xemelgas

Somos dúas metades como as dunha laranxa,
perdidas como dúas gotas de auga,
separados, botándonos de menos,
esperando un reencontro con moito anhelos,
pensando no outro todo o tempo,
desesperados esperando a que poidamos vernos,
bágoas e sorrisos,
familia e amigos,
mais non cheos, nin contentos,
almas xemelgas, almas perdidas,
dúas persoas loitando por estar unidas,
océanos separándonos, vidas diferentes,
e eu só penso en poder verte,
esta historia non acaba, non termina,
continúa como a corrente dunha ría.

Charlize Ambicho Angulo (4º de ESO)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego

Onte vin chorar unha fonte

*Onte vin chorar unha fonte
 nunha longa travesía
 no medio do monte
 intentando atopar algunha fantasía.
 Choraba en galego a fonte,
 e dicía: "salvareite flor mía"
 referíndose a unha rosa que vivía a sorte,
 mentres ela só morría.
 Onte chorei, nunha fonte,
 nunha longa travesía
 no medio do monte
 intentando atopar algunha fantasía
 Chorei polo galego, nunha fonte,
 e dixeron, "non morras lingua mía",
 referíndome á miña lingua que vivía a súa sorte,
 pero ela morría porque a xente quería.*

*Sofía Paz Novo (1º de bacharelato)
 Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Ela Loitaba pola súa lingua

*Ela vivía pola súa lingua,
 loitaba por ela mentres escribía,
 sen tregua,
 entregándose á poesía.
 Ela loitaba pola súa lingua,
 sen escoitar o que se opoñía,
 xente exigua,
 que criticaba á nosa Rosalía.*

*Sofía Paz Novo 1º de bacharelato)
 Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Somos diferentes?

*Somos diferentes?
 Somos xente
 igual ou diverxente
 apaixonada e transparente
 reais e intelixentes
 Somos iguais?
 É cuestión de aparencia
 diferentes queremos ser
 únicos e inigualables
 Se todos fósemos*

*o que aparentamos ser
ou como o resto é
qué aburrido ía ser.*

*Oito alumnos e alumnas (1º de bacharelato)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Non sei escribir poesía

*Non sei escribir poesía
nin nada de eso
non sei colocar pronomes
dáme moita preguiza
só escribo do que sinto
non sei de que escribir
preciso desafogar
para saber como me sinto.
Penso que non o fago ben
pero fago o que penso
penso logo existo
e por fin escribo.*

*Oito alumnos e alumnas (1º de bacharelato)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Dúas camelias

*Herbas de prata cobren a lúa
ollando ríos da súa terra
camelias brancas brillan no horizonte
á espera dun último saúdo
dun último saúdo
dun último sorriso da túa alma
dúas camelias á espera de reencontrarse
esperando polo seu doce amor
no engano do seu designio*

*Celeste Díaz Fernandes (4º de ESO)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Amigas

*Entón atopamos a alguén con quen desprendemos,
con quen soltamos,
con quen nos facemos anacos
nos que nos sentimos nosoutras mesmas
pero iso non nos asusta
Atopamos a alguén que queremos de mil maneiras, de mil formas
e aprendemos das súas feridas
encariñámonos co pasado como se fose noso.
Diso se trata
de coñecer a xente que che faga ver o que non puidiches soa.*

*Daniela González Marín (1º Bacharelato)
Traballo presentado na actividade Enredando co Galego*

Tristeza

Tristeza,
 esa dor no peito
 esa tristeza longa
 A fatiga que vai cerrando os teus olliños pouco a pouco
 Os días interminables
 Esgótaste, xa no es ti
 Buscando a liberdade en cada momento
 Buscando a dependencia

Daniela González Marín (1º Bacharelato)
 Traballo presentado na actividade Enredando co Galego

Catro follas

Se bo trevo queres ser,
 catro follas debes ter.
 Se catro dá a suma,
 entón terás fortuna.

...

En cambio, con tres follas,
 importancia, ningunha.
 Etérea superstición, que
 contrasta co símbolo dunha nación.
 Tres follas identifican Irlanda,
 paraíso nórdico,
 bandeira verde, branca e laranxa.

...

Pola contra, mutante ente científicos.
 Soamente valor empírico.
 Tres é de novo lexítimo,
 catro volver ser un timo.

...

Xentes que din tres,
 outras catro. A última
 con maioría para un tempo.
 Superstición sobre ciencia
 e Irlanda perdeu contra a crenza.
 Se bo trevo queres ser,
 catro follas debes ter.

Daniel López (4º de ESO)
 Profesora: Luana Ferreira Pires

Nubes de Evolución

Pídenme que evolucione,
 que mellore.
 Non son unha planta,
 non son unha nube de evolución.
 Non podo evolucionar.
 Só podo soñar.

Marta Carreira Varela (3º ESO E)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

Nubes de Evolución

*NUBES, soidade e tristura nas brancas cebras,
 ao outro lado do volcán da miña cabeza, agóchase
 a ira dos mortos tigres de estraña cor vermella.
 Entre a area tinguida de sangue, escóitanse
 os berros, malia a dor e o alivio, ou a culpa e a exclusión, mais
 todos os animais con raias tiñan feridas de guerra sobre a súa pel,
 agás a xineta, que, por pequena e inútil á vista dos demais animais,
 é a única que morreu coas súas
 raias
 intactas,
 coa dor por dentro, non por fóra. Por iso,
 o único reflexo que permanecía era o da xineta fermosa,
 pois quedarán as raias da súa cola na nube que
 xamais
 desapareceu
 porque
 non era unha nube DE EVOLUCIÓN.*

*Tyler Somoza González 3º ESO E
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

Solpor

*Solpor
 Sobre a area
 preto da auga
 que, salgada e turquesa,
 tórnase laranxa*


*Ole a salitre,
 cantan as gaivotas,
 murmuran as ondas
 que baten contra as rochas.*

*E o sol,
 grande esfera vermella,
 agóchase no horizonte
 dando paso ás estrelas.*

*Carmen Rodríguez Pardo (3º ESO E)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

Cantigas de Amigo

Aquí quedan as cantigas de amigo feitas por alumnado de 3º de ESO en clase de Lingua Galega coa súa profesora Ana Barral Rodríguez



Foi a namorada a fraga
non sabía a que ía máis ía namorada,
ía cabizbaixa pensando no seu amor
sen mirar ao seu redor.

Foi a namorada polo río pasou
non sabía a que ía máis o cervo chegou.
Achegouse a auga e viu unha flor
sen mirar ao seu redor.

Non sabía a que ía máis ía namorada
o ventou moveu os cabelos da amada,
achegouse a coller aquela flor
sen mirar ao seu redor.

Non sabía a que ía máis o cervo chegou
o cervo o mar tempestuoso axitou
púxolle nos cabelos a súa flor
sen mirar ao seu redor.





Ai Meu Amado

Ai meu amigo
que non o encontro
está perdido.
E, ai o mar, se mo encontra cedo.

Ai meu amado
que non o atopo
está afastado.
E, ai o mar, se mo encontra cedo

Que non o encontro
o meu compañeiro
non está no jobo
E, ai o mar, se mo encontra cedo

Que non o atopo
o meu amado
non está no souto
E, ai o mar, se mo encontra cedo



Enrique
Basadre García


árbol vello e carcomido,
non sei se estará falecido
ai, meu amigo!

árbol ^{sabio} vello e maltratado
non sei se estará enterrado
ai, meu amigo!

non sei se estará falecido
no camiño ensaguecido
ai, meu amigo!

non sei se estará enterrado
nun soto deshabitado
ai, meu amigo!







Levantouse a moza
e foi cara ó río
lavar os seus cabelos
en busca do seu amigo

A moza levantouse
e foi cara Vigo
lavando os seus cabelos
en busca do seu amigo

E foi cara ó río
con moito brío
lavar os seus cabelos
en busca do seu amigo

E foi cara Vigo
con moito grío
lavando os seus cabelos
en busca do seu amigo





Estaba eu no río de Madela
Co meu amado toda a noite en vela
Ai Deus, se non se fora meu amigo!

Estaba eu no río da aldea
Co meu amigo na noite de estrelas
Ai Deus, se non se fora meu amigo!

Co meu amado toda a noite en vela
e viñeron os cervos a fonte dela
Ai Deus, se non se fora meu amigo!

Co meu amigo na noite de estrelas
e viñeron os cervos xunto dela
Ai Deus, se non se fora meu amigo!



Need for speed

Terra
 con barbeito
 tíralle
 esterco
 plántalle
 con ganas
 que chova
 a cañizo
 apaña
 apaña
 apaña
 patacas

Yago González Ron, 4ºB ESO (Inspirado en Carlos Negro)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

Os berros escribiron
 un poema
 dos alaridos do corazón
 e nós escoitamos e pasamos a dor
 e berramos tamén
 xa que sentimos igual.

Paula Carreira Torneiro, 4ºD ESO (Inspirado en Ana María Fernández)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

Abrazo con cariño a túa felicidade
 Barco con tronos a nosa mesma foto
 antes do teu encarceramento
 Durmir con soños belidos na miña habitación
 e chorar do sufrimento, en silencio
 Busqueite a ti, cariño,
 como néboa,
 recordando como gravadora todos os momentos.
 Un recordo bonito, un afastado.
 Despídome de ti, amor, para sempre,
 cántoche sorrindo na miña memoria.

Charlize Ambicho Angulo, 4ºB ESO (Inspirado en Manuel María)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

O mundo actual soamente é:
 unha cidade acolá, outra aquí,
 mil edificios, urbe chea;
 unha cidade de ferro e contaminada
 na que corre a xente a escapar.
 O resto é soedá.

Martín Fernández Andrés, 4ºA ESO (Inspirado en Manuel María)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

*Formas a fermosura
 neste momento
 no que nada
 se semella á realidade
 Abondan lugares
 onde moitos só desenvolven as mentiras.
 E eu confirmo:
 as túas palabras son fugacidade da vida
 porque creas a realidade*

*Sara Lázare Rodríguez , 4º D (Inspirado en Antonio García Teijeiro)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

Sendeirismo

*Ruta, curta montaña, punzante e branca,
 afastada e brillante, con lixeiros paxaros,
 xigantes árbores, río asoballante
 e a xeadada e o cume a metade de camiño.*

*Natalia Otero Caínzos, 4º A (Inspirado en Méndez Ferrín)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

Flores

*É o reflexo distorsionado no espello do caravel.
 Cando a mirada, que reflexiona na soidade,
 utiliza pensamentos xa manipulados;
 as flores da rúa berran agochadas
 e digo
 que tamén hai sombras así,
 analizando inseguridades humildes cando as deles,
 arrogantes,
 se esvaecen.*

*Aroa Piñeiro Silva, 4º D (Inspirado en Yolanda Castaño)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

*Angustiado esta tarde
 da dolor que teño dentro
 o sufrimento contigo dun futuro
 acabou coas túas promesas
 arrastrándome erguido cara á escuridade
 unha bomba xeadada na noite
 a bastante distancia dun amor conxelado
 agardando o mínimo sentimento cálido
 para destapar aquela tez
 para introducirse na alma
 derrotado pola fortaleza da necesidade
 irracionalmente e sen pánico
 pola potencial catástrofe.*

*Celeste Díaz fernandes, 4º B (Inspirado en Lois Pereiro)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez*

Medrar é ir cara ó ceo.
 Cando medramos, é fácil pensar
 que non existen límites,
 que tocarás a última estrela, ó poñerte de puntas,
 que serás máis forte cós teus pais,
 que lles levantarás a man ós que che berren,
 ós que se opoñen ós teus gustos.
 Pero o certo é que sempre
 medran á túa par
 vellas angustias,
 medos
 e raizames que non te deixan
 ser libre.
 Outras veces decátaste
 de que medrar tamén é ir
 cara ó termo
 a completar a rota,
 solitaria,
 dun guerreiro na loita,
 como fixeron os outros,
 en silencio.

Arón Casado Macías, 4º B (Inspirado en Ana María Fernández)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

Buraco do oso!
 Escavación de cervo!
 Leiro baleiro,
 lugar onde ninguén marchará!
 O oso! As farpas cravadas o peito do oso!
 Deslízase o oso para baixar ao río
 movendo as plantas,
 ruxindo as árbores,
 en busca dunha boa presa...
 Segue,
 párase e ole,
 crava as farpas, alza a fronte e mira cara arriba
 con todo o sol do día nos seus ollos.

Carla Regueira (Inspirado en Uxío Novoneyra)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

CAMIÑANDO na sombra
 escura ata quedar
 perdida baixo aquel libro vello
 rapidamente no corpo e
 no silencio aínda máis abaixo.

Daniela González Marín (Inspirado en Emma Pedreira)
 Profesora: Ana Barral Rodríguez

VISITA DE ESTUDANTES LITUANOS

A semana do 18 de marzo oito estudantes lituanos e os seus profesores, estiveron, dentro dun programa de mobilidade Erasmus+, no noso instituto. Pertencen ao grupo de mobilidade estudiantil Druskininkai Ryto Gymnasium, de Lituania.

Pese aos case 3500 quilómetros que separan Druskininkai, a súa vila de orixe e Lugo, aseguran ter atopado máis similitudes que diferenzas entre as nosas cidades. Falamos con dous dos estudantes e mais cos seus profesores para coñecer as súas impresións.

Entrevista 1 (alumnos):

P: Como vos chamades?

R: Dominykas Lukošius e Gabija Matuleviciute

P: Por que decidistes participar neste Erasmus+?

R: Atraeuonos a oportunidade de viaxar tan lonxe e de coñecer rapaces da nosa idade, pero da outra punta de Europa. Por outra banda, dende que as estudamos hai un tempo no instituto, sempre quixemos coñecer as culturas mediterráneas.

P: Xa levades varios días en Lugo, que cousas son as que máis e as que menos vos gustaron da nosa vila?

R: Gustáronnos moito os edificios e a arquitectura en xeral. Ademais, non son moi diferentes dos do noso país, así que sentímonos como na casa.

P: E o que menos vos agradou?

R: Estivemos moi a gusto, así que a única queixa é que a rúa onde está o noso hotel é algo estreita e foi difícil pasar coas maletas.

P: E acerca do noso instituto, que é o que máis vos gustou?

R: Gustounos moito atopar a nosa bandeira e outros símbolos lituanos polo

instituto, agradounos esa boa acollida e ese espírito de entendemento e interese pola nosa cultura. Mesmo na rúa, cando as persoas coas que falabamos coñecían a nosa nacionalidade, preguntábanos acerca da nosa situación polo conflito en Ucraína. Todo o mundo estaba moi concienciado coa nosa realidade.

P: Atopastes grandes diferenzas entre Lituania e Galicia?

R: Non moitas, sobre todo chamounos a atención que moita xente cruza nos pasos de cebra cando o semáforo está en vermello, iso non se fai no noso país [ri]. Ademais, como vivimos no sur de Lituania sorprendeunos a cantidade de comida do mar que tomades.

P: Entón, diríades que hai máis similitudes que diferenzas?

R: Sen dúbida. O tempo atmosférico é similar e a xente é tan amable en Lugo coma en Druskininkai.

P: Acerca do noso sistema educativo, é moi diferente ao voso?

R: Notamos que tedes menos horas de clase ca nós, aínda que nós temos o xantar dentro do noso horario lectivo, e, sobre todo, que tratades aos profesores dun xeito moito máis informal.

Entrevista 2 (profesores)

P: Atopastes moitas diferenzas entre España e Lituania?

R: *Si, pero non moitas. Especialmente no plano gastronómico, non estamos afeitos a xantar tanta comida!*

P: Que foi o que máis e o que menos vos gustou de Lugo?

R: *Gustounos moito o centro histórico e actitude da xente con nós. Seguro que se non tiveramos amigos aquí como Mar e Javi (os profesores españois) a experiencia non sería tan agradable así que lles estamos moi agradecidos.*

R: *O que menos nos gustou foi a chuvia e o tráfico. Pero non atopamos*

Instantánea da despedida no salón de actos do instituto coa actuación dos nosos grupos de música e baile tradicionais. Antes deste momento, participaron en actividades académicas e extraescolares como, por exemplo, unha viaxe a Santiago de Compostela:

problemas de verdade.

P: E respecto da educación, credes que os nosos dous sistemas son moi diferentes?

R: *Chamounos a atención que aínda mantedes moitas medidas contra a Covid, no noso país temos as portas e as fiestras pechadas.*

R: *Ademais, nas clases que visitamos gustounos moito ese concepto que tedes de auxiliares de conversa para os idiomas estranxeiros.*

R: *Por último, sorprendeunos moito a cafetería do instituto. Non hai nada parecido no de Druskiniskai.*



*Óscar Rodríguez de Vivero
Alumno de 1º de BAC, participante neste ERASMUS+*

ERASMUS+ DE LONGA DURACIÓN

Dentro do programa Erasmus, alumnado de 1º de Bacharelato participou nun intercambio de longa duración, do 9 de febreiro ao 9 de abril en Italia. No mes de maio recibimos aos estudantes italianos do mesmo proxecto.

O 9 de abril espertei antes da hora habitual, xa que me ía dous meses a Italia, á casa dunha rapaza que apenas coñecía. Meus pais leváronme ao aeroporto de Santiago, desde onde voamos ata Madrid e despois a Nápoles. Alí collemos un autobús que nos levaría ata a vila. A viaxe fíxose eterna, ao chegar fun cear e despois, acompañada da miña "italiana", subín ao meu cuarto. Mentres desfacía a maleta estivemos falando, comezamos a coñecernos, e finalmente dispúxenme a durmir, xa que ao día seguinte tiña que madrugar.

En Italia iamos nun curso de alumnos e alumnas un ano maiores ca nós, tiñan dezaioito anos, cousa que vai resultar unha vantaxe, porque este verán poderán vir a Lugo a verme a min e ao resto dos compañeiros españois. Se fosen menores non poderían facer sós a viaxe.

Outra cousa que me gustou moito foi a pequena vila onde me tocou vivir, Pignolia. Os días que non podía ir á cidade por calquera razón podía saír con amigos que fun facendo alí. Ademais, cando podía ir á cidade tiña oportunidade de coñecer e de saír con outros amigos.

O meu traballo como estudante alí consistiu en preparar, xunto co resto do grupo, tanto italianos como españois, unha obra de teatro coa temática do ERASMUS+: a emigración. Tamén fixemos un traballo con información recollida de persoas inmigrantes ou con persoas que tiveran contacto con

emigrantes.

A miña experiencia en Italia foi xenial, si que é certo que non cheguei a conectar de todo coa familia pero fixen amigos maravillosos que recordarei sempre.

As miñas compañeiras e compañeiros italianos están agora en Lugo. Pasarán dous meses convivindo con nós, nas nosas casas, acudindo ó noso instituto e coñecendo a nosa cidade. Falei con dúas delas: Silla, que reside en Potenza unha vila do sur de Italia onde estivemos algúns de nós; e Giada, que é de Pignolia. Ámbalas dúas vilas están ao sur de Nápoles.

Falei coas dúas, contáronme as súas impresións sobre este proxecto ERASMUS+ cando levan xa unhas semanas aquí.

Giada apuntouse para aprender unha nova lingua, para crecer como persoa, madurar, ver os seus límites e aprender cousas sobre unha nova cultura. Silla cre que madurará e vivirá experiencias novas. Saben que a súa achega ao ERASMUS+ é mostrar a un estudante español a súa cultura e idioma.

Contáronme que os institutos de Potenza son parecidos ó noso, aínda que alí cada itinerario está nun centro distinto (instituto de artes, de ciencias, de deportes...) e aquí todos xuntos. Pensan que a relación co profesorado é aquí máis formal e alí máis amigable. A Silla gústalle moito cambiar de compañeiros

nos nosos desdobres, porque así a vida social é máis ampla. Guiada atopa as clases un pouco aburridas.

Sorprendeulles gratamente a cafetaría. Nos seus institutos non teñen.

Sabían que aquí hai outra lingua oficial, ademais do castelán. Silla estuda español, pero Guiada non. Nos seus institutos pódese estudar alemán, francés, español, inglés e latín. En Italia só teñen o italiano como lingua oficial, pero din que hai moitos dialectos.

As dúas pensan que comemos moita carne e, se cadra botan de menos a pasta, aínda Silla está encantada con isto, porque a elagústalle moito a carne. Din que facemos todo máis tarde: comer,

durmir...

Giada atopa aos lugueses menos proclives á vida social, cre que os italianos son máis abertos. Porén, Silla está facendo moitos amigos e a xente de Lugo é unha das cousas das que está gozando.

As súas familias españolas xa as levaron a visitar outros lugares como A Coruña, Pontevedra, Sanxenxo...Farán tamén algunha actividade fóra de Lugo cos estudantes do instituto.

En conclusión, recomendaría a todo o mundo facer un ERASMUS+, axúdache moito a madurar e ser máis independente.

*Candela López de Juan
Participante no ERASMUS+ de longa duración*

ERASMUS+ DE CURTA DURACIÓN

Nos primeiros días de abril un grupo de estudantes do noso instituto desprazouse ata a vila de Potenza, no sur de Italia, para participar nun programa ERASMUS+ durante unha semana. Os participantes neste ERASMUS+ visitaron Matera, cidade escavada na rocha. Foi capital europea da cultura en 2019:



A finais de abril tocou realizar outra mobilidade de curta duración, nesta ocasión a Austria. Na imaxe podemos ver a todo o grupo no Schönbrunn Palace en Viena:



E para que ninguén pense que non traballamos arreo na tarefa de esvaecer fronteiras e crear vínculos con estudantes doutros países, tamén temos unha testemuña gráfica deste empeño:



INTERCAMBIO DE ALEMÁN

Hai dous meses María e Bea, as profesoras de alemán do instituto, comezaron a falarnos dun intercambio con Alemaña, Leipzig en concreto, como unha oportunidade para mellorar o idioma, coñecer sitios novos, facer novas amizades e vivir experiencias inesquecibles. Tiñamos esa oportunidade, como íamos desaproveitala! O 5 de maio 21 alumnos e alumnas e estabamos cargando a maleta para marchar.

Dende o primeiro día que nos recibiron no aeroporto con carteis co noso nome e un sorriso na cara ata o da despedida con choros e ningunha gana de volver, sentímonos coma na casa. Hai que admitir que a primeira noite en territorio alemán pasámola nerviosos por se daríamos entendido o idioma ou

adaptarnos aos horarios e a comida. Mais como di a nosa profesora, viaxar consiste tamén en facer un esforzo en adaptarnos, así fixemos e vaia se pagou a pena!

Fixemos todo tipo de actividades: dende ir ver un partido de fútbol do Leipzig, que fai que toda a cidade se deteña e fixo que nós celebráramos os goles e alzamos as bufandas como calquera afeccionado, ata pasar unhas horas no teatro da escola disfrazándonos, interpretando papeis, xogando e sobre todo pasándoo moi ben. Sen esquecer visitar un museo sobre a historia de Alemaña (que resultou ser moito máis interesante do agardado) ou asistir a clase co noso compañeiro ou compañeira alemán.



Visitamos tres cidades: Leipzig, Dresde e Berlín. Sen dúbida as primeiras dúas foron as que máis gustaron. Leipzig, coa súa moderna universidade que contrastaba coa antiga Markplatz, os verdes parques, as igrexas e o tranvía conectando todo, encantounos. Mais Dresde co río Elba de fondo, os seus edificios barrocos con toque renacentistas, a igrexa Nosa Señora coas mellores vistas da cidade e rúas cheas de encanto conquistounos. Pola contra, Berlín, a pesar de ser moi grande e ter monumentos emblemáticos, non nos gustou tanto. De todos os xeitos ver o muro con todo o que simboliza pagou a pena.

No tempo libre foi cando realmente puidemos coñecernos uns aos outros e facer piña. Xogar ó fútbol ou ao baloncesto na cancha de Kant, ao pilla-pilla no parque ou ás cartas no lago une. Acompañarnos uns aos outros para volver a casa une. Facer fotos, compartir a comida, contar chistes, cantar cancións, correr para non perder o tren, comer

todos xuntos ou ir de tendas une. Porque pasar tempo con xente doutros países e unha aprendizaxe moi efectiva e divertida. Se ao principio da semana non falabamos moito entre nós, cando rematou había confianza e unha bonita amizade. Nunca esqueceré a imaxe de todos xuntos bailando a "Macarena" no parque baixo a mirada sorprendida dos que por alí pasaban.

A frase que máis lles gustou aos alemáns do noso idioma foi "somos la leche", e tanto que o son! Pois en seis días non so nós ensinaron moitas cousas, senón que nos deixaron con ganas de máis. A despedida foi dura, pois, quen quere marchar cando está gozando? Mais quedou a promesa de vernos en Lugo e pasalo aínda mellor.

Volvendo no avión, preguntáronnos se recomendaríamos a experiencia. Vaia se o fariamos! Mínimo unha vez na vida tes que atreverte a coñecer xente, sitios, culturas, comidas. Nunca te vas arrepentir!



*Paula Álvarez Pardo
(alumna de 4ºE ESO participante no intercambio lingüístico con Alemaña)*

NICO, MARLON, ERJA

Nico Matthies é un rapaz de Berlín, que veu facer tarefas de voluntariado; Marlon Jockmann, de Basilea (Suiza), é un profesor en prácticas de alemán; Erja Steinmetz, de Berlín, é, como Nico, voluntaria. Resulta moi enriquecedor ter entre nós nativos de idiomas estranxeiros dos que podemos aprender moito. E se ademais son tan “riquiños” coma Erja, Nico e Marlon, pois é un luxo. Fixémoslles unha entrevista para coñecelos un pouco mellor e acabamos sabendo cousas sobre os seus lugares de orixe: as linguas minoritarias dos seus países, costumes...

Nesta instantánea aparecen, de esquerda a dereita: Naiara, Erja, Sergio, Marlon e Nico.



Pregunta: Como é a túa vila ou cidade? Gustaríache vivir nun lugar máis pequeno, ou se cadra máis grande?

Marlon: Berlín. Polo momento non.

Nico: É moi bonita, co río, que ofrece moitas actividades. É unha cidade de xuventude e de estudantes. Tanto as cidades grandes como as pequenas teñen as súas vantaxes pero a min

gústame máis as cidades pequenas porque son máis persoais.

Erja: Berlín é moi grande, hai moitas cousas que facer. Gustaríame vivir nun lugar máis pequeno porque en Berlín vivo moi lonxe do centro e lévame moito tempo chegar ó centro e á escola.

P: Como é o teu instituto? (horarios, materias, estudos que se poden realizar...)

M: Chámase *Sophie-Scholl-Schule*, é unha escola moi grande con dous mil alumnos, con moitísimas especialidades como música, arte, español, francés..., tamén hai clases regulares e integración o que implica a persoas con discapacidades. Está máis enfocado ao social.

N: Non é tan especial, ten mil douscentos alumnos, o edificio é un pouco antigo, non tan moderno coma aquí, pero a min gústame moito.

E: É máis pequeno que os institutos de aquí, temos moita oferta de actividades da escola e despois das clases.

P: Que linguas estranxeiras se poden estudar no teu instituto?

M: Moitas: español, francés, xaponés (voluntario), chinés, inglés, se cadra portugués. Italiano non o sei.

N: Podes estudar inglés, francés e italiano pero non hai español.

E: Francés e latín pero tamén hai clases que non son obrigatorias de polaco.

P: Cantas linguas estranxeiras tedes que estudar obrigatoriamente?

M: Dúas. A primeira lingua estranxeira que no meu caso foi inglés e despois vén francés ou español normalmente.

N: Unha lingua estranxeira, as outras son voluntarias.

E: Só temos dúas, tes que empezar con inglés e despois elixir entre latín e francés.

P: Por que decidiches estudar español?

M: Eu non puiden decidir isto senón que foron meus pais que me levaron a esa escola, entón comecei con sete anos a estudar español e despois gustoume e seguí. Aí si decidín seguir estudándoo porque me gustou moito coñecer xente e poder falar con xente de moitos países do mundo.

N: Candoouben que viña a España pensei que sería unha gran vantaxe e sería máis doado coñecer as xentes deste país.

E: No instituto comecei a estudar latín que é unha lingua que non se pode falar e quería aprender unha lingua que fose máis práctica e España gústame moito e pódese falar en moitos lugares do mundo.

P: Desde cando estudas español?

M: Desde que tiña sete anos, agora teño 32, iso serían 25 anos. Pero estudar español, digamos que foi na escola e en bacharelato, uns 11 anos seguidos máis ou menos. Despois xa non estudei, estiven en Barcelona e en Sudamérica e aprendín, pero xa non fixen máis cursos. Pódese dicir que foron 11 anos de educación escolar.

N: Desde hai 5-6 meses.

E: Como 4-5 meses agora.

P: Sabías que en Galicia hai outra lingua oficial?

N: Si, sorprendeume a variedade lingüística española.

M: Si, o galego. Sorprendeume que en España haxa moitas linguas.

E: Eu creo que si, non son linguas oficiais de Alemaña, pero hai algunhas provincias que teñen outras linguas como Sajonia, onde se fala *Slawisch*, e no norte creo que tamén hai outras.

P: Se cadra en Alemaña hai máis linguas que o alemán. Cales son? Fálanse tamén como linguas oficiais nos lugares onde existen?

N: Hai dialectos aínda que non son como en España, non son idiomas oficiais. Por exemplo, en Berlín hai unha xerga máis ben coloquial, falan diferente e para unha persoa que está aprendendo alemán custa moito entendelo. Pero só hai alemán.

M: Oficiais, hai italiano e francés. O acento alemán é moi forte, canto máis preto do interior te encontros, máis custa entender á xente.

P: Que fas habitualmente no teu tempo de lecer?. Tes moito tempo para pasar cos teus amigos e amigas?

M: Fago moito deporte, gústame moito saír fóra, á natureza, tamén xogo ao baloncesto e se podovou xogar fóra e tamén adestro a baloncesto, gústame moito viaxar. Gozo especialmente de combinar visitar lugares co deporte; por exemplo, fai pouco fomos á costa de Lugo e fixemos surf. Gústame ser deportista e coñecer outra xente.

M: Depende. Os amigos para min son moi importantes e mantéñome en contacto con eles aínda que non estea en Berlín, pero algunhas veces non teño tanto tempo como para estar todo o que desexaría con eles, aínda que seguimos

falando e quedamos para estudar.

N: *Fago moito deporte, nado, e aquí empecei no equipo de waterpolo Lugo con Marlon.*

N: *Aquí claro que non, pero nas vacacións tiña pensado que podíamos quedar nun sitio de España e viaxar un pouco.*

E: *Gústame saír, quedar coas miñas amigas, ler, cociñar e pasear pola natureza.*

E: *Si, normalmente si.*

P: **O teu instituto ofrece aos estudantes actividades de ocio? Se as ofrece dinos cales.**

M: *Normalmente teñen dez horas por día e hai moitas horas de tempo libre así que hai moitas actividades que se poden facer nesa escola. É normal que chegues ás 8:00 e volvas a casa ás 16:30, entón hai 2-3 horas de tempo libre onde se poden facer moitas actividades como o billar, fútbolín, ou xogar fóra ó fútbol ou baloncesto, facer algún traballo xunto cos profesores de arte, música. Había moitas actividades extra-escolares. Isto foi na ESO pero en bacharelato xa non era así.*

N: *Lamentablemente non moito, ás veces cos cursos hai excursións, por exemplo antes no bacharelato en francés. Non obstante diso non moito.*

E: *Si, temos moitas actividades extra-escolares, hai actividades de teatro, de ler libros, temos unha banda, un xornal da escola.*

P: **Facedes moitas actividades extraescolares no teu instituto (actividades co teu grupo de clase)?**

M: *Iso si o facíamos, ti podes facer o que queiras dentro do que se che ofrece: moitos deportes, xogar ó billar. Tiña unha cafetería onde poder comer e tomar un café.*

E: *Hai intercambios con outras escolas de Europa e Estados Unidos.*

P: **A túa cidade ou vila ofrece actividades de ocio interesantes para os rapaces e rapazas da túa idade?. Cántanos como son. Son moi caras?**

M: *Hai moitísimas ofertas, o que eu coñezo é o Entroido das Culturas, é un entroido no que moitos países do mundo están representados por xente do todo o mundo. Eu pasaba moito tempo*

con españois e latinos, sempre estabamos con peruanos, brasileiros e moitas persoas que representaban esa cultura. Esas actividades son gratis e outras son de pago aínda que non moi caras en relación co nivel de vida.

N: *Si, Basilea ten moitas actividades con respecto a museos e educación pero tamén hai actividades como o entroido, que é algo como un fito. As actividades non custan nada.*

E: *Si, hai moita oferta cultural e sempre hai moitas actividades e proxectos, pero como vivo moi lonxe do centro, na miña vila non hai tanta oferta cultural. Non adoitan ser de pago e as de pago non son moi caras.*

P: **Coñeces algún lugar de España? E no norte de España?**

M: *Xa viaxei moito por España, coa miña familia fixen moitas viaxes a Andalucía. Logo fun a Barcelona, tras rematar o bacharelato e estiven 10 meses vivindo alí. Fixen moitas viaxes a Málaga, Granada, visitei un amigo en Valencia que estaba de Erasmus na Universidade. En Barcelona visitamos moitos lugares dos arredores como Sitges. Antes de vir a Lugo fixen o camiño de Santiago, o camiño portugués da fronteira con Tui, así que Galicia xa a coñezo un pouco. Fun a Madrid dúas veces. Tamén fun a San Sebastián. Aínda me queda moito por ver.*

N: *Coñezo máis o norte que o sur, estiven en Málaga, Salamanca, San Sebastián e estiven un pouco por Galicia.*

E: *Si, estiven en País Vasco, Andalucía, Cataluña e nas illas Baleares.*

P: **Se nunca estiveches en España, cres que é moi diferente de Alemaña?. (horarios, comida, estudos, clima...).**

M: *Os costumes son moi diferentes. Para comezar, os horarios de comer, en Alemaña comemos moi cedo. Son cousas diferentes, a comida tamén é moi diferente.*

N: *Sorprendeume, chamoume a atención que a xente fora tan aberta e servizal. Os horarios da comida son diferentes máis tarde para todas as comidas, prefiro o horario suízo.*

E: *Si, creo que si. O pensamento da xente e das culturas. Hai bastantes cousas que son parecidas, pero como é un país diferente...*

P: Se xa estiveches en España seguramente podes dicirnos algo que che sorprendera e che gustara moito, e tamén algunha cousa que non che gustara tanto

M: Aquí en Lugo vai máis frío que en Berlín, iso sorprendeume realmente; en Alemaña vai moito frío aínda que ao mediodía as temperaturas soben un pouco. No inverno é máis relaxado que en Alemaña, alí é máis duro. A comida: os mariscos gústanme moito, e é algo que en Berlín, no centro, no é tan típico; si se poden consumir, pero non é unha norma iso de chegar a un restaurante e pedir zamburiñas, ameixas...Pero antes de vir xa sabía que era así. O que máis me sorprende de Galicia cando a vin por primeira

vez foi a natureza, a paisaxe, máis parecida a Irlanda, e nada típica de España. Aquí hai o estilo dos celtas, con moita madeira, máis rústico como é un bar en Galicia. Entón, como alí tamén estaban os celtas, hai algún parecido.

N: En Galicia sorprendeume que as tapas sexan tan enormes e de balde. En España é moi diverso o norte e sur, con respecto á paisaxe, á xente, á cultura...

E: Algo que non me gusta en España é que é moi difícil ser vexetariana, máis que en Berlín, aínda que me gusta a comida de aquí. A xente é moi aberta e é moi doado socializar, máis que en Alemaña.

Sergio López Flores (4ºC ESO)
Naiara Vázquez Fernández (4ºB ESO)

ROUPA SOSTIBLE

Erja Steinmetz, que está realizando un traballo de voluntariado no noso centro entrevistou, para a páxina de recursos online do Goethe Institut, a Helena Burón Espiñeira, Helena Amelie García Mouret, Aroa Piñeiro Silva e Antía Gómez Rodríguez. O traballo foi unha proposta do devandito instituto da lingua alemá en relación co "consumo responsable de roupa". Traduciu a entrevista do alemán ao galego, para publicalo na nosa revista, Laura Martín Pascual, alumna de 4º A de ESO.

Pregunta: Onde atopaches ou compraches roupa sostible?

Helena: Merquei a chaqueta nunha tenda de segunda man vintage. A chaqueta vaqueira é de segunda man. Meu pai comprouna hai 30 anos. A miña tía fíxome o xerseí a man.

Amelie: A chaqueta é un agasallo dunha amiga. É reutilizada. A blusa é comprada nun mercado. Está feita a man. O gorro é de segunda man, era do meu irmán.

Aroa: A camiseta compreina nunha tenda de segunda man en Asturias. O pantalón tamén nunha tenda de segunda man aquí, na miña cidade - Lugo.

Antía: O xerseí é dunha tenda de segunda man de Amsterdam. O meu vestido é dun pequeno comercio de aquí.

P: Por que é sostible,é dicir, non contaminante?

Helena: Porque a roupa é usada ou feita, así non

hai que producir roupa nova. Non apoio á Fast-Fashion. A roupa sostible é mellor para o medio ambiente e as persoas.

Amelie: A roupa é reutilizada ou de mercados locais e non de compañías internacionais moi grandes.

Aroa: A roupa usada é máis sostible, porque para isto non se necesitan materiais novos. Iso é bo para o medio ambiente.

Antía: O vestido é de algodón orgánico. Isto significa que se empregan menos pesticidas. O xerseí é de segunda man, polo tanto é máis sostible porque non é de nova produción.**P:** A moda sostible é importante para ti? Por que?

Helena: Si, para min é importante, especialmente como xove, porque o meu futuro depende das decisións que tomemos hoxe en día.

Amelie: Si,é importante. A produción local é boa para a xente de aquí.

Aroa: O tema é importante para min. Ao facer roupa sostible non se explota a traballadores. Tamén é máis barato que comprar roupa nova.

P: É a moda sostible un tema importante no teu país? ¿Tes algunha outra idea de moda sostible?

Helena: En cidades grandes como Madrid ou Barcelona hai máis tendas e mellor oferta que en cidades pequenas, como na que vivo. Aquí só hai unha tenda de segunda man, pero tamén podes comprar roupa de segunda man por internet. Eu creo que máis xente pode aprender a través das

redes sociais como confeccionar roupa para un mesmo coa costura, punto ou gancho. Isto é sostible, divertido e son pezas únicas.

Amelie: Si, sobre todo para xente moza, pero eles non fan moito pola sostibilidade. Nós podemos facer a nosa roupa e doar cousas vellas que xa non usamos.

Aroa: Non, non creo que sexa un tema importante para a xente de aquí, porque hai poucas ofertas e tendas. A xente pode reciclar roupa, doala ou facela ela mesma



Helena Amelie



Helena



Helena



Helena



Antía



Aroa



Antía

TEATRO EN ALEMÁN



Esta actividade consistiu en dúas viaxes de 4-5 días tanto a Madrid como a Berlín. Na primeira participamos vinte alumnos do centro e na segunda nove.

Foi promovida polo Goethe Institut de Alemaña e consistiu en representar unha obra de teatro en alemán creada por nós mesmos en ámbalas dúas cidades. Levounos máis de un ano preparala e estamos moi satisfeitos cos resultados, así coma das dúas viaxes.

Antón Seijo Laje (1º BAC)

BIBLIOTECA

Leceres de xadrez

Pablo López Varela, alumno de 1º de bacharelato, e participante en varios campionatos de xadrez de Europa e do mundo, protagonizou a primeira xornada dos "Leceres de xadrez". Contounos aspectos básicos necesarios para xogar unha partida. Houbo máis leccións. Moitas grazas a Pablo por compartir a súa sabedoría co alumnado deste centro.

Despois de aprender nesta xornada comezaron as partidas simultáneas



Enganchadas e enganchados ao gancho

Exitoso curso de gancho. A escusa era o frío e o obxectivo tecer unha bufanda. Seguro que era tecer unha bufanda?...Margarita concentradísima.



As rosas das voluntarias da biblioteca

Houbo un obradoiro de elaboración de flores de papel que deu moito de si, e foi moi bonito todo o que deu.

As voluntarias da biblioteca fixeron máis de trescentas rosas para entregar entre o alumnado, profesorado... O motivo foi San Valentín. Cada rosa tiña un remitente e un destinatario.

O alumnado e profesorado do grupo de mobilidade estudantil Ryto Gymnasium de Lithuania foi recibido con rosas e participaron nun taller para aprender a facelas.



Aproveitando San Valentín

Achega da biblioteca na tarefa de romper os mitos do amor romántico



Oito de marzo na biblioteca

Fixámonos nunha ilustración feita por Margarita Rodríguez Yáñez, profesora de latín. Na foto só hai un anaquiño. Foi a decoración escollida para engalanar o taboleiro da biblioteca no día da muller.



Puidemos ver tamén varios libros de temática feminina e unha exposición adicada a mulleres esquecidas pola historia.



Concurso de marcapáxinas



Todos os participantes neste concurso recibiron un agasallo, aínda que a gañadora fose só unha. Levaron un lote dos seus propios marcapáxinas para repartir entre os amigos.



Letras Galegas



A biblioteca fixo a súa aportación cunha exposición creada por alumnado de 4º de ESO, que amosaba a obra de Florencio Delgado Gurriarán arredor dun fermoso retrato deste autor, feito por Margarita Rodríguez Yáñez.

Tamén se puido ver unha exposición adicada á literatura galega no exilio, para a que tan importante foi a figura de Gurriarán.

TODA UNHA VIDA

Antes de que o noso instituto recibise o seu nome actual, as cousas non eran tan distintas; xa había quen velaba polo benestar dos alumnos. Falamos con Jesús López Gandoy, Suso, un dos máis veteranos do centro, xa que se xubilou recentemente despois de traballar aquí durante corenta e catro anos, desde o 8 de abril de 1978 ata o 8 de abril de 2022. Esta entrevista é resultado da compilación de preguntas que lle querían facer o alumnado de 2ºD e 2ºE de ESO e algúns rapaces de rapazas de 1º de bacharelato.

P: A que idade comezaches a traballar neste centro? Como é que chegaches a traballar aquí?

R: Empecei aos 26 anos. Fixen unhas pequenas cousiñas antes de traballar aquí, pero sen importancia, foi o primeiro traballo.

Onde estudaches antes de comezar a traballar? Foi aquí?

Fixen o bacharelato no Seminario e despois COU no Masculino, o equivalente a 2º de BAC e despois fixen a mili, marchei facer a mili a Cáceres e cando volví, por sorte, entrei a traballar aquí, no instituto.

O primeiro día de traballo sempre é inesquecible, que nos podes contar do teu?

Pois ben, eu sentínme cómodo desde o primeiro día de traballo. Sentínme ben. Adapteime facilmente.

Dende o teu comezo no instituto ata o de agora, alumnos e profesores cambiaron moito, como se notaron eses cambios?

Si, os primeiros anos creo que había, digamos, un pouquiño máis de disciplina. Recordo que os alumnos entraban todos pola porta sur. Pola porta principal entraba o profesorado e o persoal non docente.

Nos teus comezos xa facías fotocopias?

Si, si, facía.

Que é unha multicopista?

Era unha máquina que se usaba para facer copias. Había que facer un cliché escrito a máquina, polo que pasaban uns roliños con tinta e saía impreso o texto.

As instalacións do instituto sufriron moitos cambios dende os teus comezos?

Si, algúns cambios, si. Eu recordo, por exemplo que o patio estaba dividido entre o Masculino e o Feminino, cunhas rellas.

Fíxose unha aula de música onde está agora informática II. Cambiouse varias veces de sitio a capela, que agora xa non hai; estivo no que agora é a aula de francés, e por último onde hoxe está a aula 0.1, a que está fronte á aula de música actual.

Hai poucos anos fíxose a reforma do soto, onde se montou a cafetería. Arriba, a zona baixo o tellado, reformouse. Acondicionouse o aparcamento. Cambiouse a instalación eléctrica e a de fontanería e calefacción...

Cambiaron moito as aulas?

As aulas?, si. Todas tiñan encerado de xiz, que de vez en cando se pintaba. Mesmo nalgún momento lles dei eu unha man de pintura. Había uns pupitres vellos onde sentaban os alumnos de dous en dous, antes de que se cambiaran polas mesas actuais.

No relativo ós labores de conserxe, houbo algún cambio?

Si, penso que houbo algún cambio. Nos primeiros anos houbo un momento en que eramos oito conserxes, catro homes e catro mulleres. As mulleres situábanse unha por planta ou estaban na zona sur, e os homes na entrada principal. Iamos ao correo, faciamos copias, algún recado, amañabamos un pupitre que outro e ... pouco máis.

Cantas alumnos e alumnas había no centro cando ti empezaches?

Había nocturno tamén e eu creo que nalgún momento puido haber 1300/1400 alumnos.

Onde se metían tantos alumnos?

Como os pupitres antigos ocupaban menos, collían máis alumnos. Na maioría das aulas había trinta e pico ou corenta.

Que é o que máis che gustaba do teu traballo? E o que menos che gustaba?

Creo que non sabería escoller.

O maior favor que fixeches no instituto?

Houbo unha ocasión, que si, que... había unha nena que usaba cadeira de rodas e non había ascensor, non había maneira..., só había escaleiras. Durante un curso tivemos que baixala entre un compañeiro, Jesús e mais eu ou Pedro, baixabamola na cadeira de rodas, cada un por seu lado, polas escaleiras. Tiña a súa clase no soto.

Cal foi o teu ano preferido no instituto?

Pois, eu que sei!,...posiblemente cando se fixo a última reforma do instituto, cando se reformou o soto e a parte de arriba, e a parte que estaba debaixo do tellado.

Gustaríache ser profesor?

Non [ri].

Cal é a anécdota máis curiosa que che sucedeu mentres traballabas? E a situación que recordas con máis cariño?

Non sei...teño que facer memoria, algunha que outra. Posiblemente algunha celebración que se fixo,...algún Santo Tomás. Houbo anos que todos os institutos da cidade se reunían nun centro. Facían unha comidiña, uns actos...dentro do instituto.

Cal foi a maior lección que aprendiches despois destes anos no instituto?

Non sei, tal vez o traballo, cumprir co teu deber. Sempre procurei facer a miña función o mellor que puider.

Onde te criaches?

Onde me criei?...Na aldea [rotundo], entre a aldea e Lugo. Nunha aldea aquí cerquiña, a dezaoito quilómetros de Lugo. E ando aí, trampeando, entre a aldea e Lugo, aí ando.

E cal é a túa aldea, Suso?

A miña aldea é San Pedro de Mera.

Que é o que fas no teu tempo libre, ou que che gustaría facer?

No tempo libre, gústame estar sempre un pouquiño entretido, amaño cousiñas, ou ando algo alí pola horta, ou limpo, ou pinto...facer así como digo eu: algunha argallada.

Hai algunha afección que che gustaría levar a cabo e que aínda non a fixeras?

Pois..., non, non.

Os teus familiares están orgullosos ti e da túa traxectoria profesional?

Si, si si, están.

Trala túa xubilación que plans tes?

Pois non teño ningún plan concreto, o que vaia xurdindo cada día.

Estás feliz de ter traballado aquí?

Si, si si, moi feliz.

Se non tiveras sido conserxe, en que che gustaría traballar?

Pois...ehhh, eu case tiña pensado ser mecánico, pero apareceu este posto de conserxe e estou contento de ter traballado nisto.

Teño entendido que un conserxe vivía no instituto. A ti esa época xa non che tocaría, pero, coñeciches a algún tivera aquí a súa vivenda?

Si, si.

Como era esa vida de conserxe?. Onde vivían?

A vivenda estaba no espazo que vai ser a futura aula de plástica. A última que estivo foi Felicitas. Ao marcharse Felicitas, xa se

acondicionou a vivenda para aulas do ciclo. Ela estaba máis ben para mirar polo edificio, en plan...vixiante. Se había que abrir o edificio fóra de horas abríao ela, algún acto,... era tamén a encargada de facelo.

Tiña algunha vantaxe, como gastos de luz e auga pagados polo instituto. Ao xubilarse tivo que deixala. Eu recordo outros: Jesús tamén estivera nesa vivenda.



E para finalizar esta entrevista, deixamos a continuación algunhas anécdotas recollidas a alumnado dos grupos que fixeron a entrevista:

❖ *María Varela (2º ESO E): Fun a pedir fotocopias e díxome "Que tal? Estudando moito, non?"*

❖ *Mar Cancio (2º ESO E): Cando me encontraba mal, os meus pais viñeron buscarme e Suso veu ata a miña clase e polo "camín" ata o primeiro piso preocupouse por como me encontraba.*

❖ *Nicolás V. (2º ESO E): Un día fun á conserxería a dicir que perdera o móbil e Suso acompañoume ó salón de actos onde estaba.*

❖ *Paula Chao (2º ESO E): Recordo cando antes que eu pasara á ESO e esperaba á miña nai, el sempre que me vía na mesa soa ía falarme para que non me aburrira.*

❖ *Luis Sergio (2º ESO D): Cando esquecín unha cousa en clase e el me emprestou as chaves para coller o que me quedara alí.*

❖ *Mireia Vila (2º ESO D): Un día tiña clase dunha materia e faltábanme unhas fotocopias que necesitaba, e baixei á fotocopiadora aínda sabendo que a esa hora era difícil que mas venderan. E el vendeumas dunha forma moi agradable, sen reñerme nin poñer pega algunha. É máis, non tiña cambio e ofreceume o diñeiro que tiña na súa carteira.*

❖ *Miguel (2º ESO D): Estou en clase e viñeron buscarme, cando saín Suso fíxome preguntas e eu pregunteille a el, transmite moita confianza.*





Suso, nunha desas reunións das que nos falou. Con el, Pedro

Dúas das actuacións do grupo: despedida de lituanos e Nadal



Rapaces e rapazas do grupo de música e danza: tedes un tesouro dos que medran cando se comparten. Moitas grazas por compartilo con todos e todas durante este curso!!! E grazas ao profesorado participante tamén!!



EDLG

